


Paraninfo da Universidade  
Martes, 17 outubro 2017, ás 20 h

Presentación do  
**Fondo  
Andrés Gaos**





**Andrés Gaos Berea** (1874-1959) é, sen dúbida, un dos grandes compositores galegos do pasado século. A. Gaos Guillochón, fillo do famoso violinista coruñés, acaba de realizar a donación á Universidade de Santiago de Compostela de todos os documentos que conservaba do seu pai, así como de dous violins. O Fondo, que se achaba en Arxentina, país no que Gaos pasou a maior parte da súa vida, está constituído por toda a documentación que o propio compositor, e a súa esposa e fillo despois foron recompilando, creando unha colección do máximo interese. Nel consérvanse boa parte das 70 obras que compuxo (moitas delas en manuscrito e algunas ainda sen estrear), a relación epistolar mantida con máis de 20 correspondentes (algúns tan importantes como Tomás Bretón ou Pau Casals), un número importante de fotografías (só, co seu cuarteto, dirixindo, ou á beira de compositores como Saint-Säens), recortes de prensa sobre críticas a Gaos realizadas en 34 cidades distintas, varios discos gravados polo propio compositor tocando o piano, e documentación varia. De especial relevancia son os dous violines doados ao fondo (un deles de finais do século XVIII e outro de 1928) e que coa súa chegada a Galicia veñen completar os dous que actualmente custodianse na cidade da Coruña. Por conseguinte, unha donación de primeira orde que vén dar termínio ao desexo de Andrés Gaos de que o seu fondo, se custodiase definitivamente en Galicia.

## Programa do acto

Preside o acto o reitor Magnífico da USC, D. Juan M. Viaño Rey. Intervención de Dª Montserrat Capelán Fernández, profesora do Departamento de Arte da USC e de Dª Mabel Casal Reyes, directora da Biblioteca Xeral da USC, que falarán sobre a importancia do Fondo Gaos e a súa ubicación na Biblioteca América.

Pequeno recital con obras de  
**Andrés Gaos**

*Allegro con brío (da Sonata Op. 37)*

*Habanera Op. 19*

**Florian Vlashi** (violín)  
**Julio Mourenza** (piano)

ORGANIZA



Fondos documentales de música en los archivos civiles de Galicia (1875-1951): Ciudades del Eje Atlántico (REF: HAR2015-64024-R) es un I+D+I financiado por el MINECO, mediante una ayuda con Fondos FEDER de la Unión Europea.

